

CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) E ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS GALEGOS DE MADRID (AEGAMA)

REUNIDOS

En nome e representación do **INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE)**, Fernando Guldrís Iglesias, na súa calidade de director xeral. Está facultado para este acto en virtude da delegación de facultades do 23 de decembro de 2016 do presidente do Igape feita pública mediante Resolución do 25 de xaneiro de 2017 (DOG nº 23, do 2 de febreiro de 2017).

En nome e representación da **ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS GALEGOS DE MADRID (AEGAMA)**, constituída en Madrid o 22 de maio de 1990, inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións da Delegación do Goberno en Madrid, baixo o nº 10.678 o 18 de setembro de 1990, CIF nº G-79532354, con enderezo Rúa Ourense, 10 2ª Planta, Oficina 10 representada por D. Julio Lage González, na súa calidade de presidente.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación, para a sinatura do presente convenio e para estes efectos,

MANIFESTAN

PRIMEIRO.- Que o IGAPE é unha entidade de dereito público, adscrita á Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia, creada pola Lei 5/1992, do 10 de xuño, como un instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia.

Entre as funcións encomendadas ao IGAPE en relación á expansión exterior –en virtude do disposto no artigo 4 da súa lei de creación–, están as de promover a creación de empresas nos distintos sectores de actividade económica que teñan maior impacto e vantaxes comparativas para o desenvolvemento da economía galega, favorecer a modernización e innovación tecnolóxica e organizativa das empresas galegas, proporcionar información sobre os mercados e favorecer o desenvolvemento das exportacións e acordos con empresas estranxeiras, así como apoiar e promover calquera tipo de actividades que contribúan á mellora do sistema produtivo de Galicia especialmente as de maior importancia estratéxica.

SEGUNDO.- Que a Asociación de Empresarios Galegos de Madrid (AEGAMA) foi constituída o 22 de maio de 1.990 e se rexerá polos seus estatutos, pola Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, polas disposicións complementarias e por calquera outras que lle poidan ser de aplicación, no marco da Constitución Española, especialmente polo disposto no seu artigo 22.

Entre as actividades e fins da Asociación de Empresarios Galegos de Madrid cabe resaltar, entre outras, as seguintes:

- A representación dos seus membros en orde a súa actividade; especialmente á promoción comercial e difusión dos seus produtos e servizos
- Fomentar a solidariedade de todos os membros da Asociación, promocionando e creando servizos propios e de interese común para os asociados
- Intercambiar experiencias e información entre os seus membros
- Potenciar os contactos cos directivos, empresarios e profesionais galegos emigrados e impulsar a creación de empresas conxuntas ou mixtas
- Coadxugar o desenrolo económico, cultural e científico de Galicia mediante as accións que se determinen
- Establecer relacións con outras asociacións semellantes, en especial as constituídas por empresarios galegos



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPRESA E INNOVACIÓN



- Coadxugar o perfeccionamento das técnicas de xestión empresarial entre os seus asociados. Fomentar o desenvolvemento das actividades relacionadas coa formación para o emprego, a investigación e a innovación tecnolóxica
- Organizar encontros para intercambios de experiencias entre os asociados e fomentar a súa interrelación, en orde á mutua colaboración
- Estimular a eficacia e promover valores éticos no desempeño dos negocios e das actividades, resolvendo as diverxencias entre os asociados, cando sexa solicitado
- Proporcionar a libre discusión de todos os asuntos de interese dos asociados no ámbito exclusivo das súas actividades
- Orientar os asociados sobre as perspectivas de mercado, implantación de empresas, participacións e investimentos
- Manter un órgano de orientación xurídica e de consultas
- Administrar e dispor dos recursos da Asociación, sexan orzamentarios ou patrimoniais e a súa aplicación os fins e actividades propias da mesma
- Manter estreita colaboración coas organizacións empresariais existentes e estimular a adhesión dos seus asociados ás organizacións patronais de Madrid, integradas na CEOE
- Desenvolver proxectos de investigación e estudo de campos sectoriais e territoriais nos ámbitos formativo, social, económico e medioambiental, e todos aqueles relacionados coa actividade dos asociados
- Potenciar as relacións empresariais e sociais a través da colaboración con empresarios e profesionais e entidades públicas ou privadas de Galicia
- Todas cantas outras funcións de semellante natureza se consideren convenientes para o cumprimento dos seus fins e para a lexitima defensa dos seus membros

Para o mellor cumprimento dos fins sinalados, a Asociación de Empresarios Galegos de Madrid poderá levar a cabo, entre outras, as seguintes accións:

- Publicacións informativas para os asociados
- Xornadas de negocios, almozos de traballo e almozos con debates
- Potenciar acordos de colaboración con empresas
- Organizar un premio anual ao Galego do Ano
- A representación da Asociación a nivel institucional
- A Constitución por acordo da Xunta Directiva, dentro do seno da Asociación, das comisións e grupos de traballo que se consideren convenientes na forma e condicións de funcionamento e xestión establecidas nos Estatutos presentes

TERCEIRA.- Co fin de promover a cooperación entre empresarios e profesionais de Galicia e empresarios socios da Asociación de Empresarios Galegos de Madrid considérase oportuna a sinatura deste Convenio.

Son obxectivos fundamentais deste convenio a información e detección de oportunidades de negocio entre os seus membros e asociados, o establecemento de alianzas comerciais, tecnolóxicas e profesionais, así como a realización de investimentos individuais ou conxuntos en Galicia.

Por todo iso, a Asociación de Empresarios Galegos de Madrid (AEGAMA) e o IGAPE están interesados en colaborar para a consecución dos obxectivos comúns nas materias ás que se fai mención nos expositivos precedentes e, para ese efecto, subscriben o presente convenio de acordo coas seguintes

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto regular a colaboración entre o IGAPE e a Asociación de Empresarios Galegos de Madrid, para o fomento da cooperación entre empresarios galegos de Galicia e empresarios orixe galego de Madrid

co obxectivo de fortalecer os negocios e alianzas deste colectivo, establecendo as bases que permitan a realización de distintas actuacións conxuntas cun horizonte temporal ata o 30 de decembro de 2022.

SEGUNDA.- IMPOSIBILIDADE DE PROMOVER A CONCORRENCIA

Motívase a utilización da figura do convenio de colaboración en que a Asociación de Empresarios Galegos de Madrid (AEGAMA) é a única asociación que agrupa colectivamente os intereses multisectoriais dos empresarios galegos en Madrid.

Por outra banda, mediante este convenio o Igape non encomenda unha xestión de servizos a asociación de Empresarios Galegos de Madrid (AEGAMA), senón que traza un marco de colaboración no que une as experiencias e eidos de competencias de cadaquén para acadar un fin común de interese público como é o de robustecer e consolidar a relación de entre empresarios galegos de Galicia e empresarios galegos de Madrid. Esta é a canle axeitada, rigorosa e segura a través da colaboración leal e profesional entre os asinantes.

É esta idea de colaboración na consecución do fin común de fomento das relacións empresariais que fundamenta a subscripción deste instrumento. A colaboración entre o Igape e a asociación de Empresarios Galegos de Madrid (AEGAMA) axústase a principios de lealdade, transparencia, boa fe, achega e responsabilidade.

TERCEIRA.- OBRIGA DAS PARTES

A realización das actuacións e compromisos da Asociación de Empresarios Galegos de Madrid (en adiante, AEGAMA) representa un importante valor tanto para as institucións galegas como para as empresas galegas que poidan beneficiarse. As ditas accións están encamiñadas, entre outras, a incrementar as relacións entre os empresarios asociados a AEGAMA e o Igape, e en xeral, a Xunta de Galicia. As distintas accións buscarán favorecer os contactos, promover acordos de colaboración que contribúan a facilitar posibles investimentos en Galicia así como a que empresas galegas incrementen as súas redes comerciais e presenza en Madrid.

Para o correcto desenvolvemento do presente Convenio, AEGAMA contribúe con gastos propios para o desenvolvemento das distintas obrigas, asumindo gastos de persoal, materiais, instalacións, equipamento, etc, necesarios para a organización, coordinación e desenvolvemento das actividades necesarias para a execución do Convenio de colaboración, incluídas as de difusión, comunicación e publicitarias. Valórase a dita contribución de AEGAMA en 12.000 €/ano para as anualidades 2021 e 2022, supoñendo un total de 24.000 €

O orzamento total das actividades que a AEGAMA desenvolva, e que o Igape achegue como contrapartida terá un importe máximo de 40.000 € para toda a duración do presente Convenio, a razón de máximo 20.000 € para a anualidade do 2021, e 2022.

Esta cantidade será aboada con cargo aos orzamentos do Igape para os anos 2021, e 2022, e nos que existe crédito adecuado e suficiente para financiar ata o 100% do orzamento, conforme á partida orzamentaria 06.A1.741A.640.0, a razón de máximo 20.000 € para as anualidades do 2021, e 2022.

AEGAMA non poderá obter ningunha contraprestación e/ou lucro das persoas ou entidades que participan naquelas actividades dos programas que financie directamente o Igape, ou nas que o Igape achegue a AEGAMA algunha cantidade como contrapartida do custo na súa execución.

Como resultado, AEGAMA cofinanciará as actividades contempladas neste convenio coa asignación de custos de estrutura (persoal, materiais, instalacións, equipamento). O importe desta asignación estímase no 60 % (24.000/40.000) do orzamento global do Igape do convenio.

Un. Compromisos e obrigas da Asociación de Empresarios Galegos de Madrid (AEGAMA)

1. Desenvolgar as accións previstas nos anexos II e III para o ano 2.021 e 2.022 respectivamente.
2. Incrementar as relacións entre a Asociación de Empresarios Galegos de Madrid (AEGAMA) e o Igape, e en xeral, a Xunta de Galicia.
3. Favorecer os contactos entre a Xunta de Galicia, o Igape e as principais institucións económicas e empresariais socias da Asociación de Empresarios de Galegos en Madrid, así como da CCAA de Madrid, promovendo acordos e/ou convenios con, entre outros, as principais institucións ou asociacións empresariais, que contribúan a facilitar desenvolvementos e cooperación económica.
4. Levar a cabo, directamente ou en colaboración con outras entidades, as actuacións que propoña ao amparo deste convenio, a Xunta de Galicia, o Igape, os clústeres ou as asociacións galegas que contribúan a fomentar a colaboración entre os empresarios galegos socios da Asociación de Empresarios Galegos en Madrid (AEGAMA) e as empresas galegas, ben directamente ou ben a través das asociacións e clústeres.
5. Divulgar, buscar activamente, propoñer, etc. Galicia como destino de investimento tanto de empresarios socios da Asociación de Empresarios Galegos de Madrid (AEGAMA) como doutros empresarios radicados na CCAA de Madrid, ou noutros puntos de España e do estranxeiro, que non sexan socios de AEGAMA
6. Realizar, unha vez ao ano en data a convir, un encontro do IGAPE/Consellería de Economía, Empresa e Innovación cos socios da AEGAMA onde transmitir as diferentes accións de promoción e desenvolvemento económico que se están levando a cabo por parte da Xunta para axudar ás empresas galegas.
7. Organizar un mínimo de catro encontros o ano coas embaixadas de diferentes países que poidan ser obxecto de interese para o tecido empresarial galego.
8. Ofrecer ao Igape e a Xunta de Galicia un papel relevante nos Premios Victoriano Reinoso ou outros que presente a Asociación de Empresarios Galegos de Madrid (AEGAMA).
9. Incluír artigos, entrevistas, publicidade institucional ou combinación deles, de polo menos dúas páxinas de extensión sobre distintas axudas e accións desenvolvidas polo Igape, en cada unha das publicacións informativas que realice a Asociación de Empresarios Galegos en Madrid. Ditos artigos deberán estar consensuados con antelación suficiente co Igape
10. Realizar as accións seleccionadas polo Igape e a Xunta de Galicia, segundo os plans de acción presentado por AEGAMA, así como as accións propostas desde Galicia.
11. Contribuír activamente na búsqueda de posibles asinamento de convenios entre o Igape ou a Xunta de Galicia e relevantes institucións ou asociacións da CCAA de Madrid.
12. Achegar, nos primeiros 10 días dos meses de Abril, Xullo e Outubro de cada ano no que estea vixente o convenio, un boletín ou informe trimestral no que se indiquen os principais eventos, accións e noticias acaecidas no trimestre correspondente. Ditos boletíns remitiranse vía e-mail ao IGAPE.
13. Achegar, na primeira quincena do mes de novembro de cada ano no que estea vixente o convenio, un informe final anual coas principais accións desenvolvidas ao longo do ano, que acrediten as actividades desenvolvidas, así como os informes e demais documentos que, de ser o caso, sexan requiridos polo Igape, aos efectos da correcta xustificación do desenvolvemento das actividades subvencionadas.



A Asociación de Empresarios Galegos de Madrid (AEGAMA) asume o compromiso de difundir o financiamento do Igape en todo tipo de publicidade, información e material relativo á execución das actividades deste convenio, con suxeición ás normas da súa imaxe corporativa.

14. Someterse á inspección e control do Igape co obxecto de supervisar o cumprimento das actividades previstas no convenio e que permitan a esta a súa xustificación financeira.

15. Cumprir as normas sobre confidencialidade de datos previstas na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Dous. Compromisos e obrigas do Igape

O Igape comprométese a contribuír aos obxectivos deste convenio cunha cantidade máxima de 20.000 € para cada unha das anualidades de 2.021 e 2.022 en función das accións desenvolvidas en cada ano de vixencia do presente Convenio.

O Igape contribuír á coas seguintes accións:

1. Encontros de networking entre empresarios de AEGAMA e sectores relevantes da economía galega para que coñezan de primeira man o que se está desenvolvendo en Galicia en diferentes materias.
2. Unha vez ao ano, ter un encontro do IGAPE/Consellería cos socios da AEGAMA onde transmitir as diferentes accións de promoción e desenvolvemento económico que se estean levando a cabo por parte da Xunta para axudar ás empresas galegas.
3. Presentar e organizar encontros coas embaixadas de diferentes países que poidan ser obxecto de interese para o tecido empresarial galego.
4. Participación de eventos que recoñezan o labor de empresas e empresarios galegos situados fóra de Galicia como poidan ser os Premios Victoriano Reinoso ou outros que presente a Asociación de Empresarios Galegos de Madrid (AEGAMA).
5. Participar en publicacións propias da Asociación de Empresarios Galegos de Madrid (AEGAMA) ben mediante artigos, entrevistas, publicidade institucional ou combinación deles.

O Igape, para o correcto desenvolvemento do presente Convenio, contribuír á con 20.000 € cada anualidade que axuden a cubrir os diferentes gastos nos que incorra a Asociación de Empresarios Galegos de Madrid (AEGAMA).

O Igape, en cada acción presentada no apartado Compromisos e obrigas da Asociación de Empresarios Galegos de Madrid (AEGAMA), contribuír á cun 50% dos custos incorridos, debidamente xustificadas mediante facturas e relación de pagos, co máximo de 4.000 € por acción ata totalizar un máximo de 20.000 € por ano de vixencia do Convenio de Colaboración. Esta contribución pagarase unha vez se reciba no Igape o informe final anual coas principais accións desenvoltas ao longo do ano, así como os informes e demais facturas e documentos xustificativos do pago.

Caso de non esgotarse o orzamento de cada anualidade, a parte non utilizada quedará sen execución e por tanto non se consumirá, non podendo acumularse para anualidades posteriores.

Tendo en conta que a Asociación de Empresarios Galegos de Madrid (AEGAMA) carece de ánimo de lucro na realización das actuacións obxecto do convenio, a contribución pecuniaria do Igape á realización das actividades do seu obxecto, responde a unha compensación dos custos que terán que soportar de cara a lograr a efectividade e executividade do convenio.



Para a realización das actuacións obxecto deste convenio o lgape financiará como máximo 40.000 €, con cargo á partida orzamentaria 06.A1.741A.640.0, distribuídos nos conceptos e anualidades que se indica a continuación:

ANUALIDADE	CONTRIBUCIÓN MÁXIMA
2.021	20.000 €
2.022	20.000 €

Tres. Xustificación e pagamento das contribucións do lgape

1. A liquidación dos gastos comprendidos neste convenio farase da seguinte maneira: os 20.000 € de cada anualidade, pagaranse cun tope do 50% dos custos incorridos en cada acción e co máximo de 4.000 € por acción ata totalizar un máximo de 20.000 € por ano de vixencia do Convenio de Colaboración, unha vez presentado no lgape o informe final anual coas principais accións desenvolvidas ao longo do ano, así como os informes e demais facturas e documentos xustificativos do pago.

2. O prazo de presentación da solicitude de cobramento no lgape será do 1 ao 15 de novembro de cada exercicio.

3. A documentación deberá presentarse en orixinal, no seu caso asinado, ou copia cotexada.

4. A solicitude de cobramento virá acompañada da seguinte documentación entregada pola Asociación de Empresarios Galegos de Madrid (AEGAMA):

a) Certificacións expedidas polas respectivas administracións públicas, que acrediten que se está ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social, así como a acreditación de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma ou autorización para que a Xerencia do lgape realice estas consultas polos seus propios medios, segundo o anexo I.

b) Declaración responsable asinada polo representante legal con poder suficiente, doutras axudas de carácter público ou privado para os mesmos gastos obxecto deste convenio ou, se é o caso, ausencia das mesmas, segundo o anexo I.

c) Declaración responsable da titularidade da conta bancaria onde se debe realizar o pagamento, segundo o anexo I.

d) No caso de estar exento do imposto sobre o valor engadido (IVE), documentación acreditativa da mencionada exención.

e) Un informe anual coas principais accións desenvolvidas ao longo do ano, e que acrediten as accións de colaboración establecidas no convenio.

f) Breve informe sobre a situación de AEGAMA que faga referencia ao número de asociados, altas e baixas ao longo de cada ano de vixencia do convenio.

g) Ademais, e para xustificar a aportación de AEGAMA ao presente convenio, relación, mediante documentos oficiais correspondentes tales como facturas, nóminas, etc., dos gastos propios incorridos para o desenvolvemento das distintas obrigas que asume AEGAMA, entre os que caben salientar os seguintes (segundo o modelo do anexo I):

- Gastos de persoal da AEGAMA
- Pago de alugueres da sede social da AEGAMA
- Gastos de material e consumibles necesarios para o desenvolvemento das accións de AEGAMA



- Gastos operativos da sede social de AEGAMA tales como teléfono, luz, auga, gas, etc.
- Outros gastos incorridos imputables as obrigas que asuma a AEGAMA

Todos os gastos computables deberán ser xustificados mediante domiciliación e/ou pago bancario.

En todo caso, o Igape, resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa realización das actuacións obxecto deste convenio, e calquera outra que estime oportuna para a correcta xustificación do gasto e o seu pagamento.

Procederá a minoración das contribucións cando as actuacións desenvolvidas e xustificadas o abeiro deste convenio non acaden os importes dos gastos xustificables e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente do proxecto.

A Asociación de Empresarios Galegos de Madrid (AEGAMA) manterá a disposición do Igape ou de calquera organismo público con capacidade de fiscalización da Comunidade Autónoma de Galicia, tales como Intervención Xeral, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, todos os xustificantes dos gastos e ingresos obtidos a fin dunha verificación in situ, ben por medios propios ou mediante auditor externo.

CUARTA.- DIRECTORIO DE EMPRESAS E PROFESIONAIS GALEGOS DA ASOCIACION DE EMPRESARIOS GALEGOS DE MADRID

Coa sinatura do presente convenio, a Asociación de Empresarios Galegos de Madrid comprométense a entregar nun prazo de 3 meses o directorio actualizado de empresarios e profesionais de orixe galego asociados a Asociación.

QUINTA.- DIFUSIÓN

A Asociación de Empresarios Galegos de Madrid comprométese a difundir e promocionar entre os seus asociados, tanto a sinatura do presente convenio, como as actuacións que se desprendan do mesmo, para desta maneira axudar o seu mantemento e crecemento.

SEXTA.- VIXENCIA E CAUSAS DE RESOLUCIÓN

O presente convenio entrará en vigor o día seguinte da sinatura do mesmo e terá duración ata o 30 de decembro de 2022, podendo prorrogarse por un ano adicional, ata o 30 de decembro de 2023, previo acordo das partes.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a súa prórroga.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun prazo de 10 días hábiles coas obrigas ou compromisos que se consideren incumplidos. Este requirimento será comunicado á Comisión de Seguimento do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Se cando concorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento do convenio, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a súa liquidación.

SETIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión de seguimento de composición paritaria, que coordinará o seu desenvolvemento. Reunirase a petición dunha das partes, e actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste Convenio.

A citada comisión estará presidida por un dos representantes do Igape. En todo o non especificamente previsto sobre o funcionamento desta comisión, serán de aplicación as normas sobre órganos colexiados previstas no capítulo II do título II, da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na sección III, capítulo I, título I (artigos 15 e seguintes) da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. A propia comisión, unha vez constituída, decidirá o réxime das súas reunións

OITAVA: MODIFICACIONES DO CONVENIO

A modificación da distribución das actuacións previstas no presente convenio son circunstancias que poden dar lugar a unha modificación non substancial do convenio que será aprobada polo Consello de Dirección do Igape previa proposta da Comisión de Seguimento prevista na cláusula sétima do presente convenio, sempre que non supoñan incremento na contía global prevista, que respondan aos obxectivos sinalados na cláusula primeira do convenio e cumpran os requisitos esixidos pola normativa aplicable. Calquera outra modificación distinta das anteriores, proposta pola Comisión de Seguimento, será realizada a través do mesmo procedemento que se seguiu para a elaboración deste convenio

NOVENA.- PUBLICIDADE

De conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co previsto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, o IGAPE e a Consellería de Economía, Empresa e Innovación publicarán no Diario Oficial de Galicia e na súa páxina web oficial o importe da contribución económica ao amparo deste convenio e a entidade destinataria desta; e incluírá igualmente a referida contribución e as sancións que como consecuencia desta puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos da entidade e a referida publicidade, así como a súa cesión por parte do IGAPE aos órganos competentes da Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

AEGAMA deberá subministrar toda a información necesaria para que o Igape poida dar cumprimento ás obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento desta obriga serán as establecidas no artigo 4.4 da citada lei.

DÉCIMA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARATER PERSOAL

En virtude do disposto no artigo 26 do Regulamento (UE) 2016/679, xeral de protección de datos (RXPd) e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (BOE nº 294, do



6 de decembro), se calquera das partes accede a datos de carácter persoal contidos en ficheiros titularidade de AEGAMA, adquiren a condición de encargados do tratamento e comprométense a:

- Non utilizar nin tratar datos de carácter persoal cunha finalidade distinta á execución do convenio, non comunicar os datos baixo ningún concepto a terceiras persoas, nin sequera para a súa conservación e, en especial, non reproducir, nin publicar, nin difundir ningunha información acerca dos datos.
- Garantir o cumprimento das medidas de seguridade establecidas, así como a súa correcta implementación.
- Ao termo da relación, por calquera causa, os datos de carácter persoal aos que tiveran acceso as restantes partes, deben ser destruídos ou devolverse a AEGAMA, incluíndo calquera soporte ou documento.

O incumprimento destas obrigas fai responder ás restantes partes das infraccións que cometa coma se ocupase a posición de responsable do tratamento.

O Igape responde fronte a AEGAMA do cumprimento destas obrigas polas persoas que na súa representación participen de calquera modo na execución do convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA. RESPONSABILIDADE

A subscrición deste convenio non implicará relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais ou entidades que vaian desenvolver as actuacións obxecto deste convenio e o Igape, de tal xeito que non se poderá esixir a este Instituto responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do devandito convenio.

DÉCIMO SEGUNDA. AUTORIZACIÓNS

As asociacións asinantes consenten expresamente a inclusión dos datos persoais e relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, así como poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición respecto do contido dos rexistros antes citados, ante a Dirección Xeral do Instituto Galego de Promoción Económica, sito no Complexo Administrativo de San Lázaro s/n, 15707 Santiago de Compostela, en aplicación do disposto no Decreto 126/2006.

Este consentimento esténdese á autorización para a cesión dos seus datos á entidade financeira na que se aboe o pagamento, ao *Diario Oficial de Galicia* e ás demais cesións previstas na lei.

DÉCIMO TERCEIRA. NATUREZA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

O presente convenio ten natureza administrativa, segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico das administracións públicas, quedando fóra do ámbito de aplicación, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público de conformidade co seu artigo 6 e para calquera cuestión litixiosa que se derive do mesmo, será de aplicación a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ambas partes comprométense a resolver de común acordo, ante a Comisión de Seguimento, calquera controversia que puidera suscitarse sobre a interpretación ou execución deste convenio.

En caso de conflito, ambas partes acordan someterse á Xurisdición Contencioso-Administrativa.



DÉCIMO CUARTA. NORMATIVA APLICABLE

Para todo o non previsto neste convenio aplicarase o previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como na Resolución do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril) pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, en todo o que non contradiga a primeira

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente convenio na data indicada no pé de firma, tomándose como data de sinatura a do último asinante.

Polo **INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA (IGAPE)**

Pola **ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS GALEGOS
DE MADRID (AEGAMA)**

Fernando Guldrís Iglesias
DIRECTOR XERAL

Julio Lage González
PRESIDENTE

ANEXO I
DECLARACIÓNS E AUTORIZACIÓNS

Don/Dona con DNI en nome e representación da entidade con número de identificación fiscal

DECLARO, baixo a miña responsabilidade, que a entidade a que represento non mantén ningunha débeda nin obriga pendente coa administración tributaria estatal española e galega, coa Seguridade Social española nin coa Xunta de Galicia.

AUTORIZO expresamente ao Igape: Para que solicite da Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Consellería de Facenda e da Seguridade Social a información relativa ao cumprimento por parte da entidade que represento das obrigas tributarias estatais e autonómicas, as obrigas coa Seguridade Social e de ausencia doutras débedas coa Comunidade Autónoma.

A entidade comprométese a comunicar ao Igape calquera cambio ou novidade na información que pola presente se declara, a partir da data abaixo sinalada e ata a finalización da liquidación da presente anualidade do Convenio de referencia.

DECLARO, baixo a miña responsabilidade: Que para os mesmos gastos acollidos ao convenio de colaboración entre o Igape e a Asociación de Empresarios Galegos de Madrid para o desenvolvemento de diversas accións de promoción e fortalecemento da Rede para o exercicio _____ a entidade que represento:

- Non ten recibido ningunha outra axuda nin pública ni privada.
- Ten recibido as seguintes axudas polos importes que se detallan:

Organismo convocante	Data de solicitude	Importe solicitado (euros)	Data de aprobación	Importe recibido (euros)

DECLARO que as accións contempladas e realizadas na anualidade _____ incluídas neste Convenio de Colaboración entre o IGAPE e a Asociación de Empresarios Galegos de Madrid (AEGAMA) foron as seguintes:

Descrición da acción	Data e lugar celebración	Importe total do custo da acción	Relación das facturas incorridas na celebración da acción, incluíndo importes.



Relación, mediante documentos oficiais correspondentes tales como facturas, nóminas, etc., dos gastos propios incorridos para o desenvolvemento das distintas obrigas que asume AEGAMA, entre os que caben salientar, a modo de exemplo, os seguintes:

Concepto Gasto	Importe do gasto incorrido
Gastos de persoal da AEGAMA	
Pago de alugueres da sede social da AEGAMA	
Gastos de material e consumibles necesarios	
Gastos operativos da sede social de AEGAMA tales como teléfono, luz, auga, gas, etc.	
Outros gastos incorridos imputables as obrigas que asume a AEGAMA	

Todos os gastos computables deberan ser xustificadas mediante domiciliación e/ou pago bancario

DECLARO, baixo a miña responsabilidade, para os efectos de poder ser beneficiario das contribucións obxecto deste convenio, que os datos consignados nesta declaración relativos á conta bancaria aberta ao nome da entidade a que represento son certos. A falsidade do declarado determinará a imposibilidade de percibir, de ser o caso, os dereitos recoñecidos no procedemento administrativo desde o momento en que se teña constancia da falsidade, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas que procedan.

Entidade	Sucursal	D.C.	IBAN

En.....a.....de.....de.....

Asdo.....



ANEXO II
PROPOSTA DE ACCIONS PARA O ANO 2.021

Don/Dona con DNI en nome e representación da entidade con número de identificación fiscal

DECLARO, baixo a miña responsabilidade, que a entidade a que represento ten planificado levar a cabo, o amparo do presente Convenio, as seguintes accións o longo de 2.021 dende a entrada en vigor do Convenio ata o 31 de decembro de 2.021:

Nome acción	Descrición acción	Custo total estimado realización acción
PREMIO VICTORIANO REINOSO	Cea de gala con entrega de premio a un empresario relevante para Galicia (asistencia prevista 250)	10.000 €
PRESENTACION DE GALICIA A EMPRESARIOS	Comida, coloquio co Conselleiro de Economía de Galicia. Participación de empresarios relevantes en Madrid. (asistencia prevista 60/70)	4.000€
ENCUNTRO DE GALEGOS POLO MUNDO	Encontro anual de empresarios galegos no estranxeiro (asistencia prevista 60)	3.980 €
ALMORZO CON EMBAIXADORES	Almorzo, coloquio cos embaixadores en Madrid e as autoridades. Invitado de honra D. Alberto Nuñez Feijoo (asistencia prevista 140)	4.500€
IMEX MADRID	Feira de exportación, stand para promocionar Galicia – xuño 2021 – Palacio de Cibeles – En 2020 máis de 2400 asistentes	4.200 €

En, a de de

Asdo.:



ANEXO III
PROPOSTA DE ACCIONS PARA O ANO 2022

Don/Dona con DNI en nome e representación
da entidade con número de identificación fiscal
.....

DECLARO, baixo a miña responsabilidade, que a entidade a que represento ten planificado levar a cabo, o amparo do presente Convenio, as seguintes accións o longo de 2.022 dende a entrada en vigor do Convenio ata o 31 de decembro de 2.022:

Nome acción	Descrición acción	Custo total estimado realización acción
PREMIO VICTORIANO REINOSO - ANUAL	Cea de gala con entrega de premio a un empresario relevante para Galicia – Premio anual. Asistencia aprox. 250 px 1er trimestre 2022	10.000 €
PRESENTACION ANUAL DE GALICIA A EMPRESARIOS MADRILEÑOS	Comida, coloquio co Conselleiro de Economía de Galicia. Participación de empresarios relevantes en Madrid. Asistencia aprox. 60 px 2º trimestre 2022	4.000 €
IMEX MADRID	Feira de exportación, stand para promocionar Galicia – Palacio de Cibeles – En 2020 máis de 2400 asistentes 2º trimestre 2022	4.200 €
ENCANTRO ANUAL DE GALEGOS POLO MUNDO	Encantro anual de empresarios galegos en el no estranxeiro. Verán 2022	3.980 €
ENCANTRO ANUAL CON EMBAIXADORES	Encantro cos embaixadores en Madrid e as autoridades. Invitado de honra D. Alberto Nuñez Feijoo – Ultimo trimestre 2022	4.500 €

En, a de de

Asdo.....